



GUÍA DOCENTE DE **DIDÁCTICA DA MÚSICA E DA LINGUAXE MUSICAL I-III**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: DIDÁCTICA DA MÚSICA E DA LINGUAXE MUSICAL I-III										
ESPECIALIDADE	Pedagogía				ITINERARIO				Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					6	6	6		Observacións:	
									4h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Principios psicopedagóxicos da aprendizaxe da música. Desenvolvemento das capacidades musicais. Metodoloxía e planificación didáctica. Desenvolvemento e avaliación do proceso educativo. Análise dos diversos currículos de educación musical. Deseño de procedementos e estratexias de ensinanza-aprendizaxe.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes as disciplinas de Teoría da Educación e Psicopedagogía
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta relacionada coas disciplinas de Teoría da Educación, Psicopedagogía e Didáctica Xeral.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 4, 8, 12, 15
COMPETENCIAS XERAIS:	1, 2, 3, 4, 5, 10, 13, 18, 19, 22, 27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1, 2, 3, 5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.	T12, T15, X: 1, 2, 3, 4, 5, 10, 13, 18, 19, 22, 27 E: 1, 2, 3, 5.
Adquirir un núcleo estruturado de saberes e técnicas, logrado por observación, vivencia e estudo, que teña directa conexión co futuro traballo profesional.	Todas
Conseguir unha conciencia clara da importancia da materia de linguaxe Musical nos estudos musicais.	T12, T15 X: 1, 2, 3, 4, 5, 10, 13, 18, 19, 22, 27 E: 1, 2, 3, 5
Propiciar unha actitude de análise e crítica respecto da teoría e a práctica educativas, encamiñadas á elaboración de ideas e xuízos propios, baseados no coñecemento da realidade.	Todas
Coñecer os principios e as estratexias do ensino da linguaxe musical no conservatorio e da música no resto dos niveis educativos.	Todas
Secuenciar os contidos rítmicos, melódicos, auditivos e teóricos do linguaxe musical.	Todas
Construír repentes rítmicos, leccións de solfexo, exercicios de teoría, exercicios auditivos e ditados para os diferentes niveis da música.	Todas

**4. CONTIDOS**

O currículo en relación co ritmo, a entoación, a audición e a teoría musical

Didáctica do ritmo, da entoación, da educación auditiva, da educación vocal e da teoría musical.

A voz e a técnica vocal. O repertorio vocal.

O oído musical. O seu desenvolvemento.

Elaboración de materiais didácticos.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teóricas	Presencial	Durante o cuadrimestre
Estudo individual: análise de métodos, lectura de fontes, secuenciación de contidos, composición de exercicios e leccións,	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Clases prácticas: análise de métodos, secuenciación de contidos, estratexias para o ensino, traballo cooperativo.	Presencial	Durante o cuadrimestre
Composición de repentes rítmicos, leccións de entoación, exercicios auditivos, ditados, exercicios teóricos, cancións a dous e tres voces,	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Tutorías: individuais e grupais	Presencial	Durante o cuadrimestre
<u>Actividades de avaliación</u>	Presencial	Ó fin do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

Haberá dous tipos de avaliación: a ordinaria e a extraordinaria. A ordinaria terá en conta a asistencia dos alumnos ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno perdera a avaliación continua por faltas de asistencia (serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro (Did. I e Did. III) e no mes de maio (Did.. II)

A avaliación extraordinaria se contempla para os alumnos que non aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo.

O alumno terá un total de catro convocatorias para superar a disciplina. Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.